

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01906			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Domínguez Araújo, Lara			
Profesorado	Domínguez Araújo, Lara			
Correo-e	laradoar@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado consolide as técnicas e competencias fundamentais de interpretación consecutiva entre inglés e castelán. Así, espérase que ao longo do cuadrimestre o alumnado sexa quen de: Desenvolver as capacidades de escoita activa, memoria, análise e síntese do discurso, competencia estratéxica e resolución de problemas. Dominar as técnicas fundamentais de toma de notas e oratoria, con especial atención á fluidez, naturalidade, corrección e capacidade comunicativa da expresión oral nas linguas A e B. Aumentar a súa cultura xeral, ser quen de documentarse e prepararse para interpretar entrevistas e discursos especializados sobre un tema dado. Interpretar con profesionalidade, na modalidade de consecutiva, discursos complexos e especializados entre as súas linguas A e B. Facer de mediador(a) lingüística/o e cultural entre falantes das linguas B e A nun contexto profesional.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C12	Posuír unha ampla cultura
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma

C27	Capacidade de razoamento crítico
C29	Formación universitaria específica
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D18	Creatividade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir coñecementos teóricos sólidos sobre os principios que rexen a interpretación consecutiva.	A1 A3	C13 C29	D8 D9 D14 D23
Consolidar as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	A2 A4 A5	C1 C3 C12 C13	D6 D7 D9 D14 D15 D17 D18 D22 D23
Dominar as técnicas da interpretación consecutiva.	A1 A2 A5	C13 C17 C18 C24 C29	D4 D6 D7 D11 D12 D16 D22 D23
Asentar os alicerces teóricos e metodolóxicos para a aprendizaxe continua das técnicas de interpretación consecutiva.	A1 A2	C8 C12 C17 C18 C21 C24 C27	D4 D8 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D17 D18

Fornecer as ferramentas para a xestión do discurso, a aprendizaxe continua e a resolución de problemas.	A2 A3 A4 A5	C1 C3 C8 C12 C13 C17 C18 C21	D4 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D22 D23
Coñecer e aplicar as técnicas de preparación documental e elaboración de glosarios para a interpretación especializada.	A3 A5	C1 C3 C8 C10 C12 C17 C18 C21 C24	D6 D9 D10 D12 D13 D14 D15 D17 D22 D23

Contidos

Tema	
I. Introdución 1. Repaso dos obxectivos de aprendizaxe da materia de interpretación consecutiva idioma 1: inglés-español. 2. Posta en valor da cultura xeral: asunción das lagoas de coñecemento e fomento da curiosidade.	1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de maneira adecuada. 2. Axustar o nivel da lingua materna: utilizar un rexistro adecuado, eliminar marcas informais da lingua, mobilizar un léxico rico e variado. 3. Ser conscientes do nivel necesario das linguas A e B: identificar posibles eivas e comezar a superalas. 4. Afondar no traballo de escoita e análise (concentrarse na escoita, ordenar a mensaxe). 5. Dominar as fórmulas e esquemas habituais dos discursos formais e os fundamentos da toma de notas. 6. Detectar os conectores e practicar a súa anotación. 7. Elaborar discursos propios na lingua A con fluidez e propiedade. 8. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua B discursos producidos na lingua A.
II. Fundamentos 1. Consolidación das competencias primordiais para realizar unha boa interpretación consecutiva entre as linguas A e B.	1. Consolidar as capacidades de escoita e análise e mellorar a capacidade de memoria a curto prazo: identificar os elementos que a desencadean, desenvolver a memoria visual e a memoria analítica. 2. Desenvolver a capacidade de resolución de problemas. Aceptar a imposibilidade da perfección da interpretación e do control sobre o discurso orixinal. 3. Facer un bo uso da toma de notas: ter criterio para seleccionar a información, introducir e integrar os símbolos útiles para cada estudante, experimentar distintas formas de toma de notas, equilibrar a utilización das notas e o uso da memoria, dominar a notación dos conectores. 4. Elaborar discursos propios na lingua B con fluidez e propiedade. 5. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua A discursos producidos na lingua B. 6. Ser conscientes da importancia da preparación previa para a interpretación de discursos sobre temas específicos.
III. Perfeccionamento 1. Perfeccionamento das competencias primordiais para realizar unha boa interpretación consecutiva. 2. Desenvolvemento da metacognición.	1. Ser quen de reflexionar con criterio sobre os discursos e interpretacións propias e dos compañeiros. 2. Ser quen de detectar as eivas sobre o desempeño propio e de elaborar e aplicar un plan de traballo axeitado ás necesidades de aprendizaxe. 5. Ter claro o que entendemos por unha boa interpretación e ser quen de avaliar interpretacións propias e alleas. 8. Desenvolver a capacidade de anticipación. 9. Aumentar a rapidez de mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B. 10. Consolidar a memoria a curto prazo.

IV. Consolidación 1. Superación definitiva das dificultades de aprendizaxe. 2. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva ante situacións de maior nivel de dificultade.	1. Ser capaz de restituír información complexa e especializada en consecutiva: conceptos abstractos, nomes propios, discursos de especialidade. 2. Saber preparar e interpretar discursos de especialidade: preparación terminolóxica, resolución de problemas. 3. Dominar a restitución de números e unidades, saber adaptar a estratexia de toma de notas en función do discurso, saber tomar decisións acaídas sobre a análise e a restitución do discurso. 4. Superar definitivamente os problemas específicos de cada estudante. 5. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva con toma de notas con discursos de maior dificultade (densos, complicados e rápidos).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	10	30	40
Seminarios	5	10	15
Prácticas de laboratorio	38	38	76
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	6	8
Probas de autoavaliación	1	10	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Actividades suxeridas ou realizadas na clase, de forma individual, en parellas ou en grupo, para exercitar e desenvolver as competencias da materia ou poñer en práctica coñecementos teóricos.
Seminarios	Reflexión e discusión sobre coñecementos ou nocións teóricas e a súa aplicación á práctica da interpretación consecutiva.
Prácticas de laboratorio	Práctica de interpretación consecutiva, con distintas variantes en función da fase e necesidades de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A/o estudante deberá reflexionar en todo momento sobre a súa evolución e o grao de consecución dos obxectivos de aprendizaxe da materia, expondo calquera dúbida ao respecto á docente desde as fases máis temperás da aprendizaxe, tanto na clase coma nas horas de titorías. Nas titorías a docente axudará á/ao alumna/o a reflexionar sobre as causas dos problemas de aprendizaxe e a deseñar un plan de traballo encamiñado á consecución dos obxectivos da materia. Non se descarta que o/a alumno/a teña que procurar formas que impliquen máis dedicación da referida na guía docente, no caso de ter lagoas básicas de coñecementos esixidos como requisitos mínimos da materia. Mesmo neste caso, recoméndase que consulte as súas dúbidas canto antes coa docente para que esta o/a axude a buscar formas de superalas a tempo. No caso da autoavaliación formal prevista para a metade do cuadrimestre, o/a alumno/a deberá resentar á docente unha diagnose da súa evolución na aprendizaxe da materia, detectando os seus puntos fortes, débiles e mais as causas destes últimos. Así mesmo, proporá formas para superalos. Como punto de partida, terá en conta a matriz de valoración que se utilizará para cualificar a proba final da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	Elaboración de discursos nas linguas A e B.	Apto necesario 0	A1 A3 A4 A5	C1 C3	D16
Seminarios	Participación na discusión e aplicación dos coñecementos teóricos á práctica da interpretación consecutiva.	Apto necesario 0	A2 A3	C18 C27	D8 D9 D14 D22

Prácticas de laboratorio	Práctica de interpretación consecutiva, con distintas variantes en función da fase e necesidades de aprendizaxe. Actividades suxeridas ou realizadas na clase, de forma individual, en parellas ou en grupo, para exercitar e desenvolver as competencias da materia ou poñer en práctica coñecementos teóricos.	Formativa 0	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C3 C8 C10 C12 C13 C18 C21 C24 C27	D4 D6 D7 D8 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D22 D23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realización dunha proba de interpretación consecutiva entre as linguas B e A, cunha parte en inversa. Para cualificar esta proba empregarase unha matriz de valoración que avalía a interpretación en función de catro criterios (fluidez e seguridade, expresión e corrección, resolución de problemas e contido) cuxa ponderación se especifica na matriz. Á marxe da media final, é condición sine qua non para dar por superarada a proba obter un mínimo de aprobado na parte de contido.	100	A2 A5	C1 C3 C8 C12 C13 C17 C18 C21 C24 C29	D4 D6 D7 D8 D10 D11 D13 D14 D16 D17 D18 D22
Probas de autoavaliación	Reflexión persoal sobre o desenvolvemento das competencias da materia a partir da análise retrospectiva dunha interpretación realizada na clase (vid. "Atención personalizada").	Apto necesario 0	A1 A2 A3 A5	C21 C24 C27	D8 D9 D14 D15 D18 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder optar á **avaliación continua** explicitada na sección "Avaliación" desta guía docente cómpre realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas ou probas de avaliación: elaboración de discursos nas linguas A e B, exercicio de autoavaliación e realización dunha proba de interpretación (da que é imprescindible obter un mínimo de 5 sobre 10 e que se celebrará na última semana de clase segundo o calendario da FFT). Tanto na clase como na plataforma Faitic informarase da secuenciación das distintas tarefas para o mellor aproveitamento do curso. Así mesmo, dado o deseño e carácter práctico da materia, baseados na aprendizaxe progresiva, recoméndase asistir ás clases, aínda que non é obrigatorio.
Os/as alumnos/as que cumpriren os requisitos para acollerse á avaliación continua terán dereito a unha segunda oportunidade de
presentarse á proba de interpretación (na data oficial de realización do examen de avaliación única segundo o calendario da FFT), de tal forma que os/as alumnos de avaliación continua poderán optar por que a docente corrixa unha ou
outra prueba coma exame final. Con todo, só se recomenda que opten por presentarse na data oficial de avaliación única no caso de que a súa prestación durante a proba final fose moi inferior á súa prestación habitual na clase.

Tanto a **avaliación única** (para aqueles/as alumnos/as que renuncien á avaliación continua) como a segunda convocatoria consistirán nun exame de interpretación consecutiva dun discurso entre as linguas B e A (con algunha parte para interpretar en inversa e a posibilidade de incluír un exercicio de elaboración de discursos nas linguas A e B) e ambas terán lugar nas datas establecidas no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

No caso do **alumnado de intercambio** que posúa unha competencia maior do inglés que do castelán como lingua activa, poderá interpretar maioritariamente desta lingua ao inglés e ser avaliados en consecuencia, sendo os requisitos iguais que para o resto de alumnado tanto para avaliación continua como única, coa única diferenza de que, no seu caso, entendemos como lingua A o inglés e lingua B o castelán.

Bibliografía. Fontes de información

Gile, D., **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, Revised ed., 2009,

Gillies, A., **Note-taking techniques for consecutive interpreting a short course**, 2005,

Iliescu Gheorgiu, C., **Introducción a la interpretación. La modalidad consecutiva**, 2002,

Rozan, J. F., **La prise de notes en interprétation consécutive**, 1984,

Nolan, James, **Interpretation: techniques and exercises**, 2nd ed., 2012,

Gillies, A., **Interpreter Training Resources, the only dedicated site for students of conference interpreting, http://interpreters.free.fr/consec.htm**,
Mikkelson, Holly & Jourdenais, Renée (Eds.), **The Routledge Handbook of Interpreting**, 2015,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación idioma 2: Alemán-Galego/V01G230V01913
Interpretación idioma 2: Francés-Galego/V01G230V01911
Interpretación idioma 2: Portugués-Español/V01G230V01916
Relacións Internacionais/V01G230V01917

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01618
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01515

Outros comentarios

Recoméndase para estudantes Erasmus con interese na interpretación e co inglés e castelán como linguas B.